



Concello de Pedrafita do Cebreiro

BANDO

D. José Luis Raposo Magdalena, alcalde-presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro (Lugo),

FAGO SABER :

Que ante a situación de emerxencia sanitaria, e visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara el estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo **COVID-19**, e vistas as instrucións tanto da Organización Mundial da Saúde como da Xunta de Galicia, así como a RESOLUCIÓN de 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se dá publicidade ao acordo de Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo del sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19.

En relación coa evolución da propagación do **coronavirus COVID-19**, o Concello de Pedrafita do Cebreiro decide a aplicación das seguintes medidas preventivas durante o seguinte prazo inicial, condicionado á evolución da enfermidade: DO DIA 14 DE MARZO DE 2020 ATA O DIA 27 DE MARZO DE 2020, coa previsión de que o ESTADO DE ALARMA SE PRORROGUE:

PRIMEIRO.- A **suspensión/ aprazamento de actividades e eventos** de toda índole (cultural, deportiva, sociais.. como son as feiras mensuais dos días 5 e 21 de cada mes, a feira do queixo do Cebreiro prevista para o día 10 de abril)

SEGUNDO.- **Suspéndese o acceso ao público e uso** dos equipamentos municipais (instalacións deportivas, culturais...)

TERCEIRO.-Suspensión das actividades/xuntanzas que se celebren nos **locais sociais** parroquiais, deberanse de aplicar as medidas de distanciamento entre grupos conforme ás recomendacións sanitarias, e a distancia mínima entre cada persoa debe de ser de ao menos 1 metro.

CUARTO.- Polo que respecta ao **SERVIZO PRESENCIAL - ATENCIÓN AO PÚBLICO SO PARA URXENCIAS** na **Casa do Concello**, realizarase a **TRAVÉS DO TELÉFONO 982367103**, unicamente a efectos de **REXISTRO E ASUNTOS URXENTES**. Reforzárase a limpeza das instalacións con produtos desinfectantes, evitarase o contacto físico

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 (Lugo). Tfno. 982367103. Fax: 982367150





Concello de Pedrafita do Cebreiro

cos empregados públicos dos que terán que gardar unha distancia mínima de un metro. Prégase o uso da sede electrónica <https://concellodepedrafitadocebreiro.sedelectronica.es> , as comunicacións por correo electrónico concello@concellopedrafita.es , e telefónicas: 982367103

QUINTO.- Mantense o servizo básico asistencial AXUDA NO FOGAR, extremando as medidas de protección e seguindo as instrucións ditas dende a Xunta de Galicia. **INFORMACION XERAL CORONAVIRUS 900 400 116**

SEXTO.- Aquelas persoas **que non poidan desprazarse por mobilidade e necesiten medicinas, comida, en definitiva bens de primeira necesidade poden chamar ao teléfono do Concello 982367103** para comunicar dita circunstancia e o Concello procederá a avaliar dita situación.

Dentro da capacidade deste concello preténdese con esta medida garantir a saúde e seguridade de tódalas persoas, Agradecemos a confianza de toda a cidadanía.

En Pedrafita do Cebreiro, na data da sinatura electrónica a marxe,

O Alcalde

José Luis Raposo Magdalena

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 (Lugo). Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Cod. Validación: 6C59AA62WQRTC4PF2YFJRM6R | Corrección: <https://concellodepedrafitadocebreiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2